

FICHA DE INSCRICIÓN

-Escola de familias-

Nome e apelidos: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Número de fillos/as: _____ Idades: _____



Programa de prevención de condutas adictivas no ámbito familiar



A asociación Asfedro e a asociación Ex-Alcohólicos de Ferrolterra, en convenio co Concello de Ferrol, poñen en marcha unha Escola de Familias co fin de mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación familiar e reforzar as súas competencias relacionadas coa educación dos seus fillos e fillas.

QUE QUEREMOS CONSEGUIR?

- Proporcionar as familias as ferramentas necesarias para axudalos a afrontar posibles dificultades no núcleo familiar.
- Dar a coñecer o fenómeno das adiccións: adiccións con sustancia e adiccións comportamentais (apostas, compras compulsivas, móbil...)
- Mellorar a calidade da información sobre condutas adictivas da que dispoñen as familias facendo fincapé nos factores de risco e protección ante o consumo de drogas e adiccións comportamentais.
- Sensibilizar as familias dos riscos que entraña o uso inadecuado das novas tecnoloxías da información e da comunicación, propiciando un uso controlado das mesmas por parte dos seus fillos e fillas.
- Ofrecer información, orientación e asesoramento a aquelas familias que o demanden poñéndoas en contacto cos recursos máis adaptados á súa situación.

COMO O FAREMOS?

- Crearemos xunto coas familias un espazo de reflexión e de intercambio de experiencias.
- Trataremos diversos módulos sobre cuestións como:
 - ❖ A comunicación familiar e os estilos educativos
 - ❖ Normas e límites
 - ❖ Adolescencia, drogas e adiccións. Enfoques actuais.
 - ❖ Prevención de condutas adictivas: Adiccións con sustancia e adiccións comportamentais.
 - ❖ Riscos das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Familias con fillos e fillas en idade escolar é dicir, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, dos centros educativos do Concello de Ferrol.

ONDE E CANDO SE LEVARÁ A CABO?

No Centro Municipal de Servizos Sociais na Rúa Sánchez Barcaiztegui do Concello de Ferrol os días 15 e 22 de febreiro e 1, 8, 15 e 22 de marzo de 2021 en horario de 17:00 a 18:30 horas.